



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002382

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. Aprobación e convocatoria da comisión de valoración. Subvención municipal para entidades deportivas 2025.

ANTECEDENTES

A convocatoria de subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 220, con data do 17.11.2025, incluíndo as bases reguladoras e o anexo de solicitude.

A base reguladora 13 establece a función da comisión avaliadora, que deberá puntuar as solicitudes recibidas aplicando os criterios de valoración, quedando pendente de concretar a composición da mesma.

Toda vez que rematou o prazo de solicitude e que se recibiron as respostas aos requirimentos de emenda notificados nos casos necesarios, cómpre completar a composición da comisión de valoración recollida nas bases e convocar a reunión da mesma.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a composición da comisión de valoración, concretando os seus membros en función do establecido nas bases reguladoras:

- Presidenta: a Técnica en Animación Sociocultural
- Vogais: o Animador Sociocultural e a Técnica de Rendas e Exaccións
- Secretario: o Coordinador de Actividades Xuvenís

Segundo.- Ordenar a continuación do procedemento segundo o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e convocar a reunión da comisión de valoración no prazo máis breve en que sexa posible.

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas e dar a debida publicidade no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no portal de subvencións da páxina web municipal.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.